

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

12534 *Real decreto 919/2010, do 16 de xullo, polo que se modifica o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres para adaptalo á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, no seu artigo 21 modificou diversos preceptos da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, especialmente no que afecta o exercicio da actividade de arrendamento sen condutor. Así mesmo, actualizou diversos preceptos que actualmente quedaron obsoletos. Esta modificación aconsella adaptar o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, á nova regulación.

Concretamente, considérase procedente dar unha nova redacción aos artigos 28, 41.2, 42, 161, 165.1, 176, 177, 178, 180, 181, 184 e 185 do mencionado regulamento. Así mesmo, e por idéntica causa, procede derrogar o artigo 44, o punto 3 do artigo 45, e os artigos 174, 175 e 188 ao 192 do referido regulamento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.*

O Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 28 queda redactado do seguinte modo:

«Os transportes públicos regulares permanentes de viaxeiros de uso xeral estarán suxeitos a tarifas máximas obrigatorias que se determinarán no correspondente título concesional ou autorización especial.

As ditas tarifas obrigatorias deberán estar expostas ao público de conformidade co previsto neste regulamento e co que o ministro de Fomento determine.

O ministro de Fomento poderá estender a obrigatoriedade de expoñer ao público outros prezos que apliquen as empresas transportistas ou que desenvolvan actividades auxiliares e complementarias do transporte, aínda que non veñan determinados mediante tarifas administrativas de obrigado cumprimento.»

Dous. Engádesse unha nova letra ao final do punto 2 do artigo 41 coa seguinte redacción:

«n) Arrendamento de vehículos sen condutor. »

Tres. O primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 42 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para o outorgamento dos títulos administrativos habilitantes para a prestación dos servizos de transporte público por estrada, ou para a realización das actividades auxiliares e complementarias do dito transporte, será necesario cumprir os seguintes requisitos: »

Catro. Suprímese o artigo 44, que queda sen contido.

Cinco. Suprímese o punto 3 do artigo 45, que queda sen contido.

Seis. O punto 2 do artigo 161 queda redactado do seguinte modo:

«2. O outorgamento de autorizacións de axencia de transporte non estará suxeito a limitacións cuantitativas e este deberá realizarse en favor de todas as empresas que o soliciten e que cumpran os requisitos exixibles.»

Sete. O punto 1 do artigo 165 queda redactado do seguinte modo:

«1. A actividade de mediación nos transportes de viaxeiros, tanto nacionais como internacionais, salvo os supostos de colaboración entre transportistas legal ou regulamentariamente previstos, estará reservada ás axencias de viaxe.»

Oito. Suprímense os artigos 174 e 175, que quedan sen contido.

Nove. O punto 1 do artigo 176 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os contratos de arrendamento de vehículos sen condutor deberán celebrarse nos locais ou oficinas da empresa arrendadora, ben que a súa formalización e a entrega efectiva dos vehículos aos usuarios poderán levarse a cabo nun lugar diferente, sempre que quede garantida a contratación previa.

Os ditos contratos poderán así mesmo ser celebrados nas delegacións que a empresa arrendadora teña en hoteis, axencias de viaxes, complexos turísticos ou centros similares.»

Dez. O punto 3 do artigo 176 queda redactado do seguinte modo:

«3. As empresas arrendadoras poderán realizar o arrendamento dos seus vehículos utilizando a colaboración doutras empresas arrendadoras que contraten directamente cos clientes.

A responsabilidade administrativa debida a calquera infracción relativa ás normas reguladoras do arrendamento de vehículos corresponderalles conxunta e solidariamente á empresa propietaria do vehículo e á empresa colaboradora.

Para a realización da colaboración prevista neste punto en relación con empresas e vehículos estranxeiros deberán ser cumpridas as regras establecidas polo Ministerio de Economía e Facenda.»

Once. O artigo 177 queda redactado do seguinte modo:

«O contrato de arrendamento, salvo o disposto na sección 2.^a deste capítulo, deberá referirse unicamente á posta á disposición do vehículo sen condutor e non poderá ir acompañado doutro concertado coa mesma empresa relativo ao persoal condutor ou acompañante.»

Doce. O punto 1 do artigo 178 queda redactado do seguinte modo:

«1. Cando o vehículo arrendado se vaia destinar á realización de calquera tipo de transporte suxeito a autorización ou concesión administrativa, será necesario que lle sexa adscrita con carácter previo a correspondente autorización de transporte, ou unha copia certificada desta, da cal deberá ser titular o arrendatario.

Co fin de acreditar a dispoñibilidade do vehículo arrendado, necesaria para o outorgamento da autorización de transporte, será suficiente un precontrato ou documento análogo no cal as partes se comprometan a realizar o arrendamento e no cal figure o prazo de duración deste, a identificación da empresa arrendadora e os datos do vehículo de que se trate.

Antes da formalización do contrato definitivo de arrendamento, cando se trate de autobuses ou vehículos pesados de mercadorías, a empresa arrendadora deberalle exixir ao arrendatario que conte coa correspondente autorización de transporte.»

Trece. O punto 1 do artigo 180 queda redactado do seguinte modo:

«1. Fóra dos supostos de colaboración entre transportistas legalmente previstos, unicamente se poderán arrendar con condutor os vehículos de turismo. O dito arrendamento terá para todos os efectos administrativos a consideración de transporte discrecional de viaxeiros.»

Catorce. O punto 1 do artigo 181 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para o outorgamento das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor, que serán da modalidade prevista no artigo 92.2 a) da Lei de ordenación dos transportes terrestres, será necesario que a persoa física ou xurídica solicitante cumpra os seguintes requisitos:

a) Disposición de, cando menos, un local dedicado á actividade de arrendamento de vehículos, con nome ou título rexistrado e aberto ao público logo de cumprimento dos requisitos legais sobre apertura de locais.

b) Disposición en propiedade, leasing ou arrendamento do número mínimo de vehículos dedicados á actividade de arrendamento con condutor que determine o ministro de Fomento en función das circunstancias do mercado. O dito número non poderá ser inferior a catro. Os vehículos deberán ter carácter representativo e poderán, para tal efecto, exixirse unhas características mínimas de equipamento, potencia ou prestacións.

c) Non superación dos límites de antigüidade dos vehículos que, se é o caso, determine o ministro de Fomento, en función das circunstancias concorrentes no mercado.

d) «d) Subscrición do seguro obrigatorio de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor, conforme o establecido no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, e no Regulamento do seguro obrigatorio de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 1507/2008, do 12 de setembro.»

e) Disposición de garaxes ou lugares de aparcamento cando así o exixa o Ministerio de Fomento ou a comunidade autónoma competente, por delegación do Estado para o outorgamento das correspondentes autorizacións, debendo a dita comunidade respectar as regras que, se é o caso, o referido ministerio estableza.

f) Disposición dun mínimo de dous condutores por cada tres vehículos, provistos do permiso de conducir da clase BTP, en réxime de alta na Seguridade Social e contratados a xornada completa.

g) As demais que, por resultaren necesarias para o adecuado exercicio da actividade, determine o ministro de Fomento ou, de acordo coas previsións realizadas por este, a comunidade autónoma competente por delegación do Estado para o outorgamento das correspondentes autorizacións, debendo a dita comunidade respectar as regras que, se é o caso, o referido ministro estableza.»

Quince. O punto 1 do artigo 184 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para alcanzar tal consideración para efectos da ordenación do transporte, as estacións de transporte de viaxeiros deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Contar con accesos, para entradas e saídas dos vehículos, configurados de modo que non produzan interferencias entre eles nin alteracións sensibles na capacidade de circulación normal polas vías lindeiras.

b) Contar con accesos para entradas e saídas dos viaxeiros, independentes dos vehículos.

c) Posuír dársenas cubertas en número suficiente para os aparcamentos simultáneos que se precisen.

d) Ter plataformas cubertas para subida e baixada de viaxeiros.

e) Contar con zonas de espera independentes das plataformas.

f) Contar con instalacións de servizos sanitarios.

g) Posuír dependencias, de uso común ou individualizado, para a facturación, consigna e venda de billetes, así como oficina de información, xa sexan explotadas por medios propios ou a través de terceiros.»

Dezaseis. O artigo 185 queda redactado do seguinte modo:

«Para alcanzar tal consideración para efectos da planificación do transporte, as estacións de transporte de mercadorías deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Localización en zona próxima aos núcleos de contratación ou intercambio e xeración de cargas.

b) Carácter público, isto é, que poidan ser utilizadas por calquera vehículo de transporte ou transportista legalmente establecido, coas únicas restricións que se establezan nas súas normas específicas de explotación.

c) Acolloer no seu recinto un conxunto de servizos e instalacións onde se desenvolvan actividades relacionadas ou vinculadas ao transporte e integrados, pola súa vez, en funcións ou tarefas específicas da estación ou ao servizo desta, tales como almacenaxe, manipulación, clasificación, depósito, grupaxe ou distribución das mercadorías.

d) Posuír, dentro dunha zona identificada e delimitada, accesos controlados para os vehículos, así como contar con praias, vías de manobra e aparcadoiros adecuados para vehículos pesados.

e) Contar con naves de consolidación e fraccionamento de cargas dotadas de peiraos para recibir ou expedir as mercadorías, así como con naves de almacenamento.

f) Contar con instalacións para a atención das tripulacións dos vehículos, tales como lugar de restauración, sala de descanso ou de espera, así como dos servizos adecuados destinados ao aseo persoal.»

Dezasete. Suprímense os artigos 188, 189, 190, 191 e 192, que quedan sen contido.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ